



**Cerdedo
Cotobade**

Sr Alcalde:

O abaixo firmante, **Ernesto Filgueira Touriño**, portavoz do BNG no Concello de Cerdedo-Cotobade presenta a seguinte Moción referida á “**REFORMA INTERGRAL DA ESTRADA DE ALMOFREI EP-0405**”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O grupo do BNG de Cerdedo-Cotobade considera **urxente levar a cabo a reforma integral da estrada EP-0405 dende o seu enlace coa PO-233 ata o seu entronque na praza da Igrexa Parroquial**. No BNG entendemos que a estrada de Alfofrei require dunha importante mellora para **reducir as curvas, calmar o tráfico, mellorar a plataforma de rodadura e dotala de maior seguraza peonil** para viandantes e ciclistas.

No BNG consideramos **prioritario relanzar este proxecto de mellora viaria** dada a súa **función de vertebración veciñal** polo que debe prestar os mellores dos servizos en materia de mobilidade e contar coas garantías en seguridade vial propias dunha estrada provincial que da **servizo tanto á veciñanza coma os usuarios que se achegan ao espazo histórico e natural das pozas do río Alfofrei**.

Entendemos que esta obra comeza a ser unha **demanda histórica de reclamación veciñal desouvida** durante anos que está a **perxudicar a calidade de vida da veciñanza** poñendo en risco tanto a vida dos condutores como dos peons que diariamente utilizan esta vía ategada de curvas, con carrís moi estreitos e sen ningún arcén que facilite o paso seguro das viandantes. Entendemos, tamén, que sen unha infraestrutura adaptada aos novos tempos de vida pode pasar a ser un **factor que poña en risco o crecemento veciñal da parroquia e favoreza o despoboamento do rural** así como incentivar o desaproveitamento dos recursos turísticos que deben servir de axentes dinamizadores do plano económico e cultural da vila.

Por todo o exposto, o **Pleno do Concello de Cerdedo-Cotobade** acorda **aprobar a seguinte Moción:**

1. Instar á Deputación Provincial de Pontevedra, titular do vial EP-0405, a acometer a **reforma integral da estrada** dende o seu inicio á altura da PO-233 ata o seu final na Igrexa Parroquial segundo os criterios de mobilidade e seguraza viaria recollidos no Plan de Mobilidade Provincial prestando especial atención á redución das curvas, o calmado do tráfico no núcleo e a seguraza viaria peonil e ciclista.

Ernesto Filgueira Touriño
35283664P
A 24 de outubro de 2019